

Ateneo Radio Podcast

Trátase dunha emisora online, que emitirá dende a nosa web www.ateneodesantiago.com, dedicada integramente á vida sociocultural en Compostela, cunha mirada especial ao pulso da cidade, á arte, á educación, á cultura e á ciencia. Plataforma aberta, pretende ir moito máis alá dos límites da actividade normal da nosa asociación, con cabida dende a experimentación radiofónica á divulgación científica, pasando polo debate social e a actualidade artística, coa crítica máis esixente, incluíndo a cultura popular contemporánea e todos os temas de interese social que envolven o panorama santiagués e galego.

A programación, realizada no estudio radiofónico da sede social, será participativa e aberta a toda a sociedade, con algúns programas en directo pero, maioritariamente, tratarase de podcasts temáticos acumulados nunha fonoteca virtual para a súa consulta atemporal na web.

PROGRAMACIÓN DIARIA (de luns a domingo)

QUE FACER EN COMPOSTELA? (Axenda)

Axenda do día con todos os actos culturais previstos, indicando lugar e hora de celebración.

O DISCO DO DÍA (50 minutos aprox.)

Emisión comentada dun disco (L.P.) representativo dunha época, dunha cultura, dun momento histórico..., que tivera impactado na vida do ateneísta que o propoña. Fálase do/a autor/a, da época, do tema, da pegada persoal que deixou nel/a... e a continuación emítase o disco completo.

LIBRO ORAL (50 minutos/sesión)

Programa dirixido a persoas con dificultades para a lectura, onde ao longo dunha semana un ateneísta elixe e recomenda un libro, o cal se dividirá en cinco capítulos para ser lidos por el mesmo ou varias persoas distintas.

LUNS DO ATENEO

Retransmisión en directo, vía streaming, da conferencia dos Luns do Ateneo.

ENTREVISTA (10 minutos)

Entrevista semanal en profundidade cunha personalidade que teña algo importante que achegar. Pode ter como base aos conferenciantes dos Luns do Ateneo, escapando do tema da conferencia e centrándose na súa personalidade e actividade intelectual.

ATENEO A BOCADOS (1-3 minutos)

Sección diaria que reflecta a idiosincrasia do Ateneo mediante pequenas gravacións de frases contundentes e con moita forza pronunciadas polos/as conferenciantes, extractos dos medios de comunicación ou citas vixentes dos/as grandes pensadores/as.

UN TEMA

Espazo diario ao que cada Sección do Ateneo contribúe co desenvolvemento dun tema semanal de Ciencia, Cultura, Sociedade....

FALADOIRO (30 minutos)

Debate sobre temas de actualidade protagonizado por ateneístas de distintas Seccións con convidados/as especialistas no tema que se aborda.

TERTULIA (30 minutos)

Coloquio informal entre ateneístas que, con rigor, familiaridade e moito sentido do humor, abordan temas informais da actualidade semanal tanto local como a nivel global. Poderá ser gravada nun café concreto para darlle máis ambiente de fondo.

REPORTAXE

Programa informativo que trata un tema en profundidade falando con distintas fontes.

A 24 IMAXES POR SEGUNDO

Crítica cinematográfica semanal na que os socios ou colaboradores do Ateneo analizan unha película que está na carteleira local ou, dado o caso, nas plataformas online.

MÚSICA CON CRITERIO

Crítica semanal de música clásica, que abordaría fundamentalmente a programación da Orquestra Filharmónica de Galicia, coa análise dos pormenores do programa, a historia das pezas que se van interpretar e todo o que se considere de releve, na emisión anterior ao concerto, e a crítica da súa execución na seguinte. O equipo tería que estar conformado por afeccionados á música clásica ou contar con colaboradores alleos ao Ateneo.

COS CLÁSICOS

Audicións de música clásica, cunha introdución ao seu contido, fundamentalmente de obras discográficas, sen descartar que a través dun convenio co Consorcio se poida programar música gravada da Orquestra Filharmónica de Galicia.

MUSICA CONTEMPORÁNEA

Espazo aberto a todos os estilos musicais, dende os all music (éxitos de máis de 20 anos) até os temas actuais da música pop e rock.

MÚSICA ÉTNICA E TRADICIONAL

Música de raíz, con especial dedicación á música galega e brasileiro portuguesa, pero tamén aos xéneros tradicionais de ámbito europeo ou americano.

A SOAS CO JAZZ

Música jazz que agrupa temas tradicionais e modernos.

CRÍTICA MUSICAL

Espazo de curta duración dedicado a recomendar, promover ou criticar os espectáculos musicais en vivo (excluída a música clásica) que teñen lugar na cidade ao longo da semana.

CRÍTICA DE ESPECTÁCULOS

Promoción e crítica da actividade teatral ou de espectáculos non musicais que teñen lugar na cidade ao longo da semana.

COCIÑA CON RECEITA

Receitas de cociña, cunha proposta semanal ligada aos produtos de temporada, a cargo dalgún ateneísta e, en todo caso, pedímoslle unha receita a un restaurador diferente cada semana.